

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 09/11/2013.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D^a Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiros ausentes:

- D^a María Amparo Calvo González.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e nove minutos do día nove de novembro de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, disculpando o Sr. Alcalde a ausencia da concelleira Sra. Calvo, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de setembro do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Os expedientes comprendidos no presente punto da Orde do Día non foron dictaminados pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, decláranse urxentes en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre os mesmos.

Dase conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 23/09/13, relativo ó inicio, mediante Resolución da Alcaldía desa mesma data, do procedemento de revision de oficio e declaración de nulidade do contrato suscrito con data do 01/06/07 entre este Concello e a entidade Caixa Galicia (hoxe, NCG Banco, S.A.) relativo á cobertura de tipos de xuro (SWAP) amparado no contrato marco nº 000000035922952, como complemento dun crédito a longo prazo por importe de 300.000 euros. Na referida Resolución tamén se abría un prazo de quince días para que pola entidade NCG Banco, S.A, se formulasen as alegacións que estime oportunas e se solicitaba o preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia, unha vez practicadas as actuacións necesarias para a resolución final do expediente. Actualmente, o expediente está pendente da emisión do referido ditame.

Dase conta de seguido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión do día 01/10/13, de aprobación dos marcos presupostarios para 2013-2016 segundo proposta formulada polo concelleiro de facenda, co seguinte detalle:

	2013	Tasa variación 2013/2014	2014	Tasa variación 2014/2015	2015	Tasa variación 2015/2016	2016
Total ingresos	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00
Ingresos correntes	2.072.432,52	0	2.072.432,52	0	2.072.432,52	0	2.072.432,52
Ingresos de capital	767.567,48	0	767.567,48	0	767.567,48	0	767.567,48
Ingresos financeiros	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Total gastos	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00
Gastos correntes	1.911.800,00	0	1.911.800,00	0	1.911.800,00	0	1.911.800,00
Gastos de capital	928.200,00	0	928.200,00	0	928.200,00	0	928.200,00
Gastos financeiros	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00

A continuación dase conta doutro acordo da Xunta de Goberno, adoptado na sesión do 10/10/13, polo que se aproba a participación deste Concello no plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, co anteproxecto denominado "Pavimentación de camiños municipais", ó abeiro do establecido na Resolución do 13/09/13, pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013, no que este Concello figura incluído cunha asignación total por importe de 60.949,80 euros, dos que 28.747,80 corresponden á anualidade 2013 e 32.202 á anualidade 2014.

Os membros presentes do Pleno quedan enterados e toman razón do contido dos acordos de que se trata.

Dase conta finalmente do acordo acadado pola Xunta de Goberno na sesión do 21/10/13, de concesión de prórroga do prazo de execución dunha obra adxudicada polo Pleno, que literalmente di:

"Dase conta de solicitude presentada con data do 15/10/13 pola empresa "Xestión Ambiental de Contratas, S.L.", adxudicataria da realización da obra de "Rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa", cuxo prazo contractual de execución remataba ese

mesmo día 15 de outubro, de concesión dunha prórroga dese prazo de execución dunha duración de 1,5 meses, como consecuencia de retrasos que consideran non imputables á empresa producidos pola "adequación das obras (saneamento, electricidade) á realidade construída e ás demandas da propiedade co fin de optimizar a execución do proxecto e o seu uso posterior", prórroga que remataría o día 30 de novembro de 2013. A solicitude conta coa conformidade do director da obra, que tamén asina o referido escrito de solicitude de prórroga. Dase conta tamén de informe de Secretaría relativo ó asunto, que obra no expediente.

A Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Conceder á empresa "Xestión Ambiental de Contratas, S.L." unha prórroga do prazo de execución da obra de "Rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa", que remataba o día 15/10/13, e que se extenderá ata o día 30/11/13.

2º.- Ordear a notificación do contido do presente acordo á empresa solicitante e á dirección da obra, e que se someta á ratificación do Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, por ser éste o órgano de contratación da obra de que se trata."

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda ratificar o acordo de que se trata.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE FICHEROS DE DATOS PERSOAIS

Dase conta primeiro da finalización dos trámites realizados para a creación do ficheiro de protección de datos nº 13, correspondente ó rexistro municipal de acollementos civís recentemente creado, e da súa inscrición no correspondente Rexistro Xeral.

Dase conta de seguido da proposta de creación dun novo ficheiro de datos de carácter persoal sometido ó establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, adicado á recollida de datos para o rexistro municipal de empresas madeireiras necesario para a aplicación do establecido na "Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de San Sadurniño", recentemente aprobada por este Concello e que aínda non entrou en vigor.

Dase conta tamén da información solicitada en relación co asunto da empresa RB Soluciones, que asesora ó Concello neste ámbito, para a incorporación ó expediente tan pronto como sexa posible, da ficha comprensiva das características propostas para este novo ficheiro, que sería o número 14 dos do Concello, cos datos precisos para a súa identificación e correcto funcionamento.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- A creación do ficheiro de datos de carácter persoal nº 14 deste Concello, denominado "Actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais", e ordear que se formule solicitude da súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos, facultando ó Sr. Alcalde Presidente para a aprobación dos documentos e a realización dos trámites necesarios a tal finalidade.

2º.- Ordear a publicación de anuncio referido ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ós efectos oportunos.

3º.- Ordear a comunicación do contido do presente acordo á Axencia Española de Protección de Datos coa brevidade posible.

CUARTO. APROBACIÓN DO II P.I.O.M..

Dase conta pola concelleira Sra. Breijo da proposta do "2º Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2013-2017", realizado pola empresa Deloga coa colaboración do departamento correspondente do Concello. A Sra. Breijo fai unha breve intervención na que resume as intencións e propósitos que trata de acadar o Plan.

A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

O Sr. Márquez interven brevemente para manifestar o seu apoio ó documento, que marca unha continuidade na actuación do Concello na liña de minimizar as diferencias de xénero, resaltando a importancia que ten traballar desde abaixo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar o "2º Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2013-2017", e ordear a realización dos trámites necesarios para a súa aplicación.

QUINTO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS RELATIVAS Á ORDENANZA REGULADORA DA SACA DE MADEIRA.

Dase conta polo Sr. Soto de que, tras a aprobación inicial da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de San Sadurniño, que tivo lugar na sesión plenaria do 07/09/13, e a publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 179, do día 19/09/13, e durante o prazo de exposición pública, presentouse un escrito de alegacións suscrito pola "Confederación Gallega de Empresarios de la Madera", resumindo o contido das cinco alegacións de que se trata e as razóns polas que deben rexeitarse.

A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

Dase conta da proposta da Alcaldía redactada en base ó indicado nun informe xurídico externo que obra no expediente, e, que literalmente di:

“Proposta da Alcaldía ao Pleno para a desestimación das alegacións formuladas o 02/10/2013 pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira (CONFEMADERA) contra a Ordenanza municipal reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de San Sadurniño, aprobada provisionalmente polo Pleno do 09/09/2013.

A.- Suposta incompetencia do Concello de San Sadurniño para ditar a Ordenanza

En canto a este argumento, CONFEMADERA sostén basicamente, no seu escrito de alegacións, os seguintes argumentos:

- a) Que a ordenanza referenciada incide significativamente na actividade forestal e no seu desenvolvemento, constituíndo un suposto de clara extralimitación competencial e que, polo tanto, é nula de pleno dereito, por ser contraria ao ordenamento xurídico vixente, toda vez que os montes e a actividade forestal en xeral constitúen unha competencia exclusiva estatal e autonómica.
- b) Que a única competencia municipal atribuída en norma con rango de lei na que se podería fundamentar esta Ordenanza é a conservación de camiños e vías rurais, pero que dita competencia non constitúe fundamento de dereito suficiente para a aprobación da ordenanza.
- c) Que no presente caso, o Concello pretendeu artellar unha limitación en materia de aproveitamento forestal, de carácter substantivo e vinculado ao seu aproveitamento madeireiro e industrial, polo que entende que incorre en nulidade de pleno dereito ao amparo do preceptuado no art. 18 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

As referidas alegacións deben desbotarse. Certamente, a Lei galega 7/2012, de Montes outórgalle á Xunta de Galicia e á súa Administración o monopolio competencial, sen prexuízo das competencias que a Lei estatal lle reconece á Administración do Estado. Mais, segundo reiteradísima xurisprudencia constitucional e do Tribunal Supremo, a devandita competencia forestal concorre con títulos competenciais locais, recoñecidos nos artigos 25 e 28 da Lei 7/1985, básica de réxime local, nomeadamente a protección civil, a protección do medio ambiente, a limpeza e salubridade pública o urbanismo, a seguranza pública e a conservación dos camiños e vías rurais.

Xa que logo, concorrendo a competencia forestal autonómica coas devanditas competencias locais e dirixíndose a Ordenanza aprobada provisionalmente á regulación dos devanditos ámbitos competenciais locais, o Concello de San Sadurniño é plenamente competente para a aprobación desta normativa e a alegación neste senso de Confemadera ha ser desestimada.

B.- Sobrecarga administrativa.

No que atinxe á devandita alegación, CONFEMADERA sinala o seguinte:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, nº 5
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

1. Que a comunicación previa prevista no art. 5 da Ordenanza é contraria, por redundante, innecesaria e falta de xustificación, á Lei Reguladora das Bases do Réxime Local. Dita innecesiedade vén xustificada pola Disposición Adicional da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia: *"as plantacións forestais e as accións de tipo silvícola, así como as de aproveitamento, incluídos as cortas e os abastecementos das árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso ou arboredo, haxa ou non planeamento urbanístico municipal aprobado, non requirirán licenza municipal se se realizan en solo rústico ou urbanizable non delimitado, e deberán someterse ao estipulado nesta lei"*.

2. Que non procede ningún tipo de control previo nin a esixencia de fianza por parte do Concello en relación coa protección das vías públicas de titularidade municipal, xa sexan pavimentadas ou non pavimentadas.

3. Que é responsabilidade do Concello, no exercicio da competencia que lle outorga os art. 54 e 25.2.d) da Lei 7/1985, a conservación de camiños e vías rurais, manter as pistas forestais da súa titularidade nun estado tal que permita o seu uso normal, o que inclúe a saca de madeira. A Ordenanza cuestionada descarga sobre as empresas madeireiras as competencias municipais de pavimentación de vías públicas e de conservación de camiños e vías rurais, deixando exclusivamente ó arbitrio do Concello discernir se os danos nas vías públicas son debidos a un uso negligente ou ó desgaste natural ou a un dimensionamento do firme inaxeitado e distinto do previsto na instrucción de estradas.

Todas as alegacións sinaladas son inadmisibles e deben desbotarse polas seguintes razóns:

a) A necesidade e motivación da comunicación previa vén suficientemente explicitada na Ordenanza en proceso de aprobación, pois que quere compatibilizar a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal cos valores ambientais e de salubridade pública precisos e c omantemento dos camiños e vías rurais.

b) Por outra banda sí resulta procedente o control previo do Concello, mediante o requirimento de comunicación previa, e a esixencia da fianza establecidos na Ordenanza, pois que forma parte dunha potestade incluída no ámbito competencial municipal e, dado que non cabe conceptuar como un uso ordinario ou normal (o natural) aquél que implica a curta e saca de madeira cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, dito uso ha reputarse especial e, xa que logo, merecedor dun control preventivo pola Administración Local. Ademais, a súa legalidade veu recoñecida xurisprudencialmente en reiteradas ocasións.

c) Tampouco resulta admisible atribuir ao Concello de San Sadurniño os custos derivados da conservación e mantemento de camiños e vías rurais en base ao establecido nos art. 54 e 25.2.d) da Lei de Bases de Réxime Local.

En efecto, se ben é certo que o Concello ten competencia en conservación e mantemento de camiños e vías rurais -sendo ésa, precisamente, unha das competencias en que se ampara a aprobación da presente Ordenanza-, iso non pode confundirse co feito de que sexa a Corporación Local a que teña que asumir os gastos derivados dunha reparación dos danos que eventualmente sexan provocados nas citadas vías públicas

con motivo da actividade forestal, pois ditos gastos haberán de ser asumidos pola empresa madeireira que os produza. Así se infire da lóxica do principio xeral de responsabilidade extracontractual do artig. 1902 do Código civil e da súa concreción no Dereito local (artigo 24.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais). Este mesmo criterio é mantido pola xurisprudencia en reiteradas sentenzas.

C. Esixencia de garantías redundantes.

En relación con este argumento, CONFEMADERA sinala no seu escrito de alegacións que a ordenanza de referencia esixe, de xeito concorrente e simultáneo, a subscripción dun seguro de responsabilidade civil que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan cuasarse con ocasión da curta e saca de madeira (Art. 5.2 da Ordenanza) e o depósito dunha fianza en metálico ou aval bancario a favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta Ordenanza (Art. 8 da Ordenanza).

Pois ben, o devandito argumento é falso, pois, tal e como se infire dunha lectura global e coherente da ordenanza, a esixencia do depósito da fianza ten un carácter subsidiario con respecto do seguro de responsabilidade civil. É dicir, non se trata de garantías redundantes e coincidentes, senón que, a citada ordenanza só esixe o mencionado depósito da fianza para o caso de que a empresa madeireira non sexa posuidora de ningún seguro daquelas características.

Así o reflicte o propio artigo 5.2 da Ordenanza en trámite, cando sinala a documentación que deberá acompañar o escrito de comunicación previa:

"Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que a empresa madeireira non sexa posuidora de ningún seguro destas características, deberá facelo constar expresamente no escrito de comunicación que presente, e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecidas no artigo 8 desta ordenanza".

E o art. 8, que establece a obriga de depositar a fianza *"segundo se recolle nesta ordenanza"*, é dicir, partindo da regulación que dita ordenanza contempla para a fianza e, xa que logo, tendo en conta que xa o art. 5.2 prevé dita obriga como unha garantía subsidiaria:

"As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza".

Xa que logo, a alegación sobre as garantías redundantes formulada por CONFEMADERA non ten ningunha virtualidade xurídica.

D. Vulneración do dereito fundamental á presunción de inocencia.

No que atinxe a esta alegación, CONFEMADERA sinala que a ordenanza non prevé ningún medio de proba que poida vincular de xeito indubitado os eventuais danos existentes nas vías públicas tralo remate do aproveitamento forestal co propio aproveitamento, non previndo nin tan sequera a comprobación previa ó inicio dos

traballos. Preveuse unicamente a comprobación a posteriori por parte dos servizos públicos municipais da inexistencia de danos nas vías, infraestruturas e dominio público local. Os danos que verifiquen os servizos municipais nesa comprobación posterior ó remate dos traballos poderían ser perfectamente preexistentes ou ter sido causado por calquera outro usuario.

Pois ben, a referida alegación tampouco pode ser admitida, por canto que a legalidade da esixencia do depósito de fianza como garantía previa dunha eventual produción de danos nas vías e camiños baséase nun principio de responsabilidade obxectiva e a súa validez e legalidade queda fóra de toda dúbida, tal e como veu en recoñecer reiteradamente a xurisprudencia

Por último, sinalar que, no que se refire aos medios de proba, non se considera necesario que pola ordenanza se establece ningunha listaxe ou numeración dos medios de proba útiles para a acreditación de determinados feitos, pois que, debe entenderse de aplicación o principio xeral que determina que son aptos todos os medios de proba admisibles en dereito, consonte co disposto na xa aludida Lei 30/1992 e demais disposicións administrativas xerais, quer estatais, quer autonómicas.

E. Contravención da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal.

CONFEMADERA sinala, no seu escrito de alegacións, que o artigo 4 da Ordenanza establece a obrigatoriedade para as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de San Sadurniño de inscribirse nun rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades. Pero nin ese artigo, nin ningún outro epígrafe da Ordenanza cuestionada inclúe todas as garantías esixidas no art. 20 da Lei 15/1999, Orgánica de Protección de datos, polo que a aprobación da ordenanza podería ser constitutiva de diversas infraccións do art. 44 da dita lei.

A alegación exposta tampouco resulta admisible.

En efecto, a creación do "registro de empresas madeireiras" -a que alude o art. 4 da Ordenanza-, en canto que é un ficheiro de titularidade pública, está sometida ao disposto no art. 20 da Lei 15/1999, que esixe que a súa creación, modificación ou supresión se faga a medio de disposición xeral publicada no BOE ou no Diario oficial correspondente. Non obstante, o feito de que o devandito ficheiro estea previsto, xa, na Ordenanza que nos ocupa non é eiva ningunha para que, de conformidade co citado artigo 20, desde o Concello de San Sadurniño se poida ditar unha disposición xeral que aprobe a súa creación, nos termos establecidos no devandito precepto, dando así enteiro cumprimento ao mesmo. E máis, só a medio dunha disposición xeral poden crearse ficheiros por parte das Administracións Públicas, polo que a creación dun ficheiro a medio desta Ordenanza é totalmente lícita.

Polo exposto, esta Alcaldía PROPONLLE AO PLENO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO o rexeitamento das alegacións formuladas o 02/10/2013 por CONFEMADERA a respecto da aprobación provisional da Ordenanza á que se refire esta proposta, polo Pleno do 09/09/2013 e máis a probación definitiva da mesma."

Interven o Sr. Márquez para valorar positivamente a resposta que se preve para as alegacións de que se trata, e para preguntar pola opinión ó respecto do Secretario do Concello. Toma brevemente a palabra o secretario, con autorización da Presidencia, para dicir que o grupo de goberno decidiu solicitar informe á empresa asesora externa e para manifestar a súa conformidade xeral co contido dese informe. O Sr. Márquez manifesta a súa disconformidade co feito de que non se optimicen os recursos dos que se dispón, tanto no propio concello como na Deputación, que ten un servizo de asesoramento, e se contraten empresas externas para eses informes.

O Sr. Soto toma a palabra para reclamar que se centre o debate sobre o tema das alegacións, e para dicir que a asesoría externa, xa contratada desde hai meses por motivos que xustificarán a súa continuidade durante moitos anos, a exerce un profesional de recoñecido prestixio nacional, que está a resolver asuntos pendentes desde hai ano. Ademais, o titular da secretaría pode informar nos asuntos da Orde do Día cando considere que o seu informe é preciso. Neste caso, o grupo de goberno decidiu solicitar informe externo, e non é ese o obxecto do debate.

O Sr. Márquez insiste en que lle parece mal que se fale de optimizar recursos e se contraten servizos externos de asesoría tendo secretario e servizo de asistencia a municipios na Deputación.

O Sr. Alcalde interven para dicir que pode ser discutible o de ter asesoría externa, pero que téndoa, debe traballar, que o informe é moi bon e que xa hai un informe de secretaría no expediente de aprobación desta Ordenanza, reivindicando a decisión de solicitar o informe externo que están a utilizar todos os concellos que aprobaron esta mesma Ordenanza.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas pola "Confederación Gallega de Empresarios de la Madera" contra a aprobación inicial da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de San Sadurniño, que tivo lugar na sesión plenaria do 07/09/13, en base ós argumentos indicados na referida proposta da Alcaldía e nos informes xurídicos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar definitivamente a Ordenanza de que se trata, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

SEXTO. MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA AO COPAGO DOS FÁRMACOS POR PERSOAS DOENTES CRÓNICAS

O Sr. Soto resume brevemente o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 04/11/13 e que literalmente di:

“O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, - persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.
2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.
3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.”

O asunto non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

O Sr. Márquez manifesta a súa conformidade co contido da moción, entendendo que a proposta de copago marca o inicio dunha política de tratar de cobrar por todo, que non se sabe como pode rematar.

O Sr. López Loureiro di que se hai disponibilidad presupostaria, lle parece ben, e pregunta se as axudas do Concello serán en función do nivel de renda, respostándolle o Sr. Soto que se aprobarán unhas bases e que as axudas serán para todos, respostando ó principio dunha sanidade pública universal e gratuita que recolle a Constitución.

O Sr. Márquez pregunta se hai estimación do gasto que pode supor neste Concello, e o Sr. Alcalde resposta que non se trata dunha cuestión económica, xa que se preve aforrar soamente arredor de cinco millóns de euros en todo o estado, senon dunha cuestión de principios, de evitar que se continúe na liña de cobrar dúas veces que xa se iniciara cos medicamentos dos pensionistas. Reclama insumisión xeral contra esta medida, e que o portavoz do PP clarexe a súa postura ó respecto. O Sr. López Loureiro repite que está de acordo co contido da moción, e o Sr. Alcalde di que se trata de obrigar á Xunta a que asuma ese custe e se evite a ruptura do principio de gratuidade na sanidade, e que a Xunta rectificaría a súa postura no caso de que os concellos do PP o esixisen.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a moción de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE O FINANZAMENTO LOCAL.

O Sr. Soto resume brevemente o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 04/11/13 e que literalmente di:

“A pretendida Reforma Local baixo o nome de *Proxecto de lei de racionalidade e sustentabilidade da Administración local* baséase nun único criterio, estabilidade orzamentaria, un criterio falso tomado como desculpa para agochar a aplicación dunhas ideas políticas reaccionarias e claramente recentralizadoras. Búscase eliminar toda capacidade de facer políticas alternativas desde un concello que palien os devastadores efectos que este austericidio da troika está a provocar.

En primeiro lugar, é falso culpar e, consecuentemente, aplicar unha estabilidade orzamentaria a unha administración local para nada responsábel do déficit do Estado (este absorbe case o 60% fronte a apenas o 3,5% de todas as entidades locais). E aínda máis, dese déficit local nada menos que a quinta parte corresponde á cidade de Madrid, relaxing débeda que nun discurso de austeridade non impediou a dilapidación, con ridículo incluído, dos cartos de todos e todas nunha delirante candidatura olímpica. Na Galiza isto aínda é máis dramático xa que entre todos os concellos do país teñen unha débeda de 773 millóns, menos que Málaga, Zaragoza, Valencia, Barcelona e o propio Madrid individualmente. Até o propio concello de Jerez de la Frontera (215.180 habitantes e 526,5 millóns) case iguala en débeda a todos os concellos galegos xuntos.

A necesidade dunha reforma da *Lei de bases de réxime local* non responde ao proxecto de lei que o goberno do Estado quere aplicar, porque aumentaría enormemente as eivas actuais sen afrontar ningún dos problemas reais. O principal problema é o actual modelo de financiamento local que non garante a suficiencia de recursos económicos aos

concellos, que cada vez teñen dificultades máis crecentes para atender os servizos públicos. Neste contexto de crise económica, o incremento do déficit nas administracións locais non é o resultado do descontrol na xestión económica, senón da existencia dun imperfecto modelo de financiamento local, onde os concellos reciben unha pequena parte da recadación dos tributos do Estado, que impide a estes ter autonomía en impostos propios, mesmo tendo que asumir compromisos do Estado que lles supón outorgar obrigatoriamente exencións fiscais á Igrexa Católica, a organizacións relixiosas ou amplas bonificacións tributarias ás grandes empresas.

Por iso hoxe é necesaria a reforma do financiamento local, para dotar dun marco estábel aos concellos con fin de asegurar a calidade na prestación de servizos públicos básicos. E abandonar o uniformismo que pretende o Estado e que se recoñeza a súa pluralidade, tendo en conta criterios específicos e propios no reparto da participación nos ingresos do Estado (PIE) que tamén inciden no custo dos servizos, como é o caso da dispersión territorial ou o avellentamento da poboación, como ocorre en Galiza, a pesar de que, a dispersión, é un criterio que se aplica en todas as comunidades autónomas e non pola administración do Estado.

Por outra parte existen graves dificultades para prestar os servizos máis elementais por parte da administración local aos veciños e veciñas, un feito que obriga a demandar da Xunta de Galiza que as subvencións finalistas en concorrencia competitiva que foren posíbeis, sexan desviadas para engrosar o Fondo de Cooperación Local que o goberno da Xunta de Galiza é incapaz de incrementar.

As subvencións finalistas en concorrencia competitiva resultan para os concellos tremendamente complicadas no seu trámite administrativo e moitas veces están suxeitas ao clientelismo político. É ben sabido que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, son absolutamente capaces de determinaren onde son máis precisas e necesarias as intervencións municipais.

Por outra parte, o Fondo de Compensación Ambiental, creado a partir da produción de enerxía eólica, reserva para a Xunta de Galiza os 2/3 do seu importe, por iso é necesario que se reduza a porcentaxe da Xunta de Galiza e destinar a cantidade resultante tamén ao Fondo de Cooperación Local.

Por todo iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a que adopte os criterios para o reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) de dispersión e avellentamento da poboación, por se tratar de factores que repercuten de xeito determinante sobre o custo dos servizos que prestan os concellos galegos.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a que redacte unha nova Lei de Financiamento Local que afronte os verdadeiros problemas dos concellos galegos.
3. Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentares no Parlamento de Galiza e ao presidente do goberno do Estado.

4. Instar á Xunta de Galiza para que todas as subvencións finalistas en concorrencia competitiva dirixidas aos concellos que puideren ser posíbeis, sexan derivadas para incrementar o Fondo de Cooperación Local.
5. Instar á Xunta de Galiza para un reparto máis xusto do Fondo de Compensación Ambiental, incrementando o que corresponde aos concellos que, na parte que puider ser posíbel, pase a incrementar, así mesmo, o Fondo de Cooperación Local.
6. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentares no Parlamento de Galiza e FEGAMP”

A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

O Sr. Márquez manifesta a súa conformidade co contido da moción, xa que entende que hai que ter en conta a situación de cada territorio no reparto da financiación.

Tamén o Sr. López Loureiro amosa a súa conformidade co contido da moción.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA AO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

A Sra. Breijo resume brevemente o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 04/11/13 e que literalmente di:

“Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas.

Na Galiza, desde 2009 redúcense cada ano as denuncias en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, a 4.788 en 2012. Así, a porcentaxe de denuncias presentadas por cada 10.000 mulleres en Galiza sitúase no 33.29%, a segunda cifra máis baixa do Estado español, só superada por Castela-León co 32.16%, sen que esta redución se poida achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega mais ao contrario, ten a súa orixe nas dificultades económicas que sofren con maior incidencia as mulleres.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Continúan sen se desenvolver medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non

se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas, unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar as mulleres que deciden dar o paso. No momento en que todas as asociacións de mulleres alertan con diferentes informes que "a crise supón un freo para denunciar, polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saíren adiante" sorprende que o goberno galego non analice as necesidades das mulleres que sofren violencia de xénero neste momento concreto e non aplique con dilixencia as leis vixentes.

Moitos concellos foron pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a viviren sen violencia.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO

1- A Corporación municipal asume o compromiso de levar a cabo as accións contempladas no II PIOMH que se acaba de aprobar: mantendo e mellorando os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero; facendo xornadas de prevención co alumnado do CPI e realizando xornadas de autoprotección para vítimas de violencia de xénero.

2- A Corporación municipal insta ao Goberno galego a facer efectiva a *Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero* e deste modo :

- Mellorar as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, para o que cómpre establecer uns baremos de renda idénticos aos que se recollían nas convocatorias anteriores a 2011, eliminar a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas no artigo e garantir que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano, fixar un prazo máximo de 30 días para a resolución e pago efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude. Dada a situación de crise económica que viven as mulleres galegas, é preciso, asemade, ampliar a duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

- Presentar perante o Parlamento un estudo e valoración desta axuda económica durante os sete anos da súa aplicación.

- Dar cumprimento ao contido do artigo 25 que recollece a necesidade de integrar a "Atención psicolóxica" como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias.

- Implantar, tal como recolle o artigo 27 da lei, a través do departamento competente no ámbito sanitario un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero.
- Dar cumprimento, de xeito prioritario, ao artigo 35 de "Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego" garantindo que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal e na empregabilidade en xeral.
- Garantir o cumprimento dunha "Atención xurídica" axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero. Garantirase que as persoas profesionais que presten estes servizos terán unha formación específica en materia de violencia contra as mulleres como requisito para o exercicio desta atención.

3- A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a demandar de xeito efectivo do goberno do estado a creación dos xulgados específicos de Violencia de xénero nas cidades galegas que a día de hoxe aínda carecen deles."

A moción non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

O Sr. Márquez amosa a súa conformidade cos acordos propostos, insistindo na necesidade de insistir nas políticas de igualdade e de reducir os índices de violencia que ocasionalmente repuntan.

O Sr. López Loureiro di que o seu grupo estaba preparando unha proposta semellante, que finalmente non foi posible traer ó Pleno, e que lles parece aceptable o contido da proposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a moción de que se trata.

NOVENO. ACORDOS SOBRE MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO.

Dase conta da conveniencia de realizar unha pequena modificación no contido da inscrición dun ben inmovible no Inventario, co obxecto de facilitar a xustificación de investimentos realizados con financiación procedente doutras administracións, fundamentalmente da Deputación Provincial, a través de convenios. Trataríase de especificar expresamente que o Pazo da Marquesa, ben inmovible correspondente ó patrimonio da extinta Fundación "Colegio Sagrado Corazón de San Sadurniño" que foi oportunamente cedido ó Concello, vai ser destinado a finalidades públicas de maneira permanente e en todo caso durante o período mínimo dos cinco anos posteriores á finalización de calquera obra financiada con fondos procedentes doutras administracións públicas.

A proposta non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, nº 5
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a referida proposta de modificación da inscrición do Pazo da Marquesa no Inventario de Bens.

URXENCIA. Antes de pasar ó décimo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Ningún dos membros do Pleno manifesta ter asuntos urxentes que propoñer.

DÉCIMO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta, en relación coas escolas unitarias das parroquias de Bardaos e Naraío, nas que se están a rematar obras de rehabilitación, se finalmente vanse vender ou non.

O Sr. Alcalde di que primeiro deben rematarse as obras, e que entón se decidirá cal vai ser o seu destino.

Pregunta tamén o Sr. Márquez polo Plan Xeral, respostándolle o Sr. Alcalde que xa está feito e entregado, e que próximamente se remitirá para o informe da Xunta previo a aprobación inicial.

Pregunta de seguido o Sr. Márquez polo estado do asunto do convenio asinado cunha cooperativa para acadar terreos.

O Sr. Alcalde resposta que se está a negociar cos liquidadores desa cooperativa e que o PXOM que se vai presentar recolle o espírito do convenio asinado no seu día e permite compensar os bens cedidos pola cooperativa, aínda que quen ten capacidade real de decidir sobre este Plan é a Xunta. Di tamén que no caso de que non se acadase un acordo sobre esta forma de compensación, o Concello tería que resarcir á cooperativa polo prezo dos bens adquiridos, porque non se trataba de ningunha clase de expropiación.


O Sr. Márquez concreta a pregunta aludindo a posibles intereses de demora polo incumprimento por parte do Concello dos prazos acordados nese convenio. O Sr. Alcalde resposta que se fixo chegar ós representantes da cooperativa unha proposta de ampliación do prazo que beneficiaría ás dúas partes e que tamén condicionaría o posible uso urbanístico das fincas da cooperativa comprendidas no convenio, xa que soamente pola existencia dese convenio poden adquirir a condición de solo urbano. Di tamén que en calquera caso, non había outro solo apto para equipamentos no que poder construír o centro de día, e que unha vez redactada a proposta de PXOM, corresponde á Xunta introducir modificacións que poderían ter un contido económico e afectar ó asunto.

O Sr. Varela interven brevemente para indicar que en calquera caso, o custe dunha indemnización á cooperativa sería máis ou menos equivalente ó custe de compra no seu

día da finca necesaria para o centro de día. O Sr. Alcalde engade que a merca da finca foi unha das opcións que se contemplaron naquel momento, aínda que finalmente considerouse preferible a opción do convenio.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e dous minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

